

Troita

Nº 19

Boletín Informativo do Concello de Oroso

Outubro 2014



“Ola, son Troi. Separar e reciclar mellora a nosa calidade de vida”

O alcalde Manuel Mirás, e os concelleiros de Medio Ambiente, Pepe Castro; e Ensino, Antonio Leira, veñen de presentar en sociedade a “Troí”, a simpática mascota da **campaña de sensibilización** para promover a reci-

claxe que vai poñer en marcha o Concello de Oroso.


Nunha reunión con representantes dos distintos centros educativos de Oroso e das asociacións de pais e nais, Mirás, Castro e Leira presentaron a “Troí”, unha troita que será encargada de ensinarlles a reciclar aos nenos e nenas de Oroso a través dun **divertido xogo**, semellante ao da Oca, dos que serán repartidos 3.000 exemplares para chegar a todas as familias. Na mente do Concello de Oroso está reducir en 2,5 toneladas diarias o volume de lixo que manda a Sogama. Iso suporía un importante beneficio para o noso medio ambiente, ao reducir nun 30% a produción de lixo, e tamén un significativo aforro de cartos.



Castro, Mirás e Leira presentaron a iniciativa á comunidade educativa

Axenda: Outubro

- | | | |
|--|--|--|
| <p>2 Inicio do curso Emprego 2.0
Baile Latino, 21:30h.</p> <p>3 Fin de GoisOrosoArte 2014
Noites de Tasca
Inicio clases Xadrez
Baile Moderno, 16:00h.
(nenos) e 17:00 h. (mozos)</p> <p>4 Debut Oroso TM na Superdivisión Masculina 10:30h.
Baile Latino, 19:30 e 20:30h
Baile Deportivo, 17:00h.
(mozos) e 18:00h. (adultos)</p> | <p>5 Debut do Oroso TM na División Nacional Feminina, 10:00h.</p> <p>6 Baile Latino, 21:30h
Baile Deportivo, 20:00h. (adultos)
Baile en Liña, 18:00h. (mozos),
19:00h. (adultos)</p> <p>7 Martes Saudables, “Coidados no paciente cardiolóxico”. 17:00h.
Fin da inscrición nas III Xornadas Micolóxicas</p> <p>9 Baile Latino, 21:30h.</p> | <p>10 Baile Moderno, 16:00h. (nenos) e 17:00 h. (mozos)</p> <p>11 III Xornadas Micolóxicas
Baile Latino, 19:30 e 20:30h
Baile Deportivo, 17:00h. (mozos) e 18:00h. (adultos)</p> <p>25 Baile para maiores, 19:00h.
Grupo ABC.</p> |
|--|--|--|



Aberta a inscrición nas III Xornadas Micolóxicas, con sesións teóricas e prácticas


O Concello de Oroso abre a inscrición nas III Xornadas Micolóxicas, que terán lugar no centro cultural de Sigüeiro o sábado 11 de outubro. Esta iniciativa está dirixida a todos os públicos e idades, de xeito que todos os veciños e veciñas que o desexen poderán introducirse no mundo da micoloxía dun xeito moi completo e ameno, xa que non só conseguirán uns coñecementos teóricos sobre a materia, senón que tamén sairán ao monte a recoller cogomelos.

O prezo para veciños empadroados será de 15 euros (adultos) e 7 euros (menores de 7 anos). Os non empadroados terán que aboar 22 e 14 euros, respectivamente. As III Xornadas Micolóxicas están organizadas polo Concello de Oroso e contan coa colaboración da Deputación. As inscricións poden realizarse no centro cultural de Sigüeiro, no teléfono 981 690 903 ou na nosa [web](#). O prazo de anotación remata o vindeiro martes 7 de outubro.



Obradoiro de Introducción ao Coaching no IES de Oroso


Alumnos do instituto participan nun taller de Coaching



O Concello de Oroso, en colaboración co IES de Oroso, vén de poñer en marcha o Programa Activa 2014, unha iniciativa de formación complementaria para os alumnos e alumnas do instituto orosán. O concelleiro de Ensino, Antonio Leira, participou no primeiro dos obradoiros: "Introdución ao Coaching", que busca que estes rapaces tiren de experiencias e de ideas para favorecer o seu desenvolvemento persoal como único camiño cara o éxito.

Así, os rapaces aprenderon a liberarse dos pensamentos negativos e de pensar só nas propias limitacións. Entenderon que o camiño cara o éxito pasa por aprender a valorar o que cada un ten, ser consciente de que se poden cambiar as cousas e manter o nivel de optimismo preciso para conseguilo.





O Concello ofrece Zumba Infantil tras o éxito da actividade entre os adultos

O zumba triunfa en Oroso. Ata catro grupos de adultos que suman 96 veciños e veciñas apuntáronse este ano a esta actividade, xurdida case "accidentalmente" durante o pasado verán na piscina e que se ten gañado o favor da veciñanza. Por iso, a Concellería de Deportes ofrece este mes un curso de Zumba Infantil, dirixido a nenos e nenas de 6 a 16 anos. O curso terá lugar ata o mes de maio os mércores e venres. Máis información e anotacións no Centro Deportivo (981 92 79 01).


Así mesmo, o Concello de Oroso informa de que aínda quedan **prazas libres** en varias actividades deportivas que se van desenvolver este curso: pilates en horario de mañá (4) e de tarde (6), así como en ximnasia de mantemento (2). A celebración das outras tres actividades está no aire, pois non se reuniu aínda grupo mínimo. Trátase de **baloncesto** (6 vacantes), **squash** (5) e **ioga** (3), actividades nas que o Concello de Oroso mantén aberta a inscrición. E dende o Departamento de Cultura lembran que tamén segue aberta a inscrición no curso de **Cestería**. Máis información no centro cultural ou no 881 981 380.

DEPORTES OROSO 2014-2015
ZUMBA INFANTIL

ZUMBA Kids

PRAZO DE INSCRICIÓN ABERTO
DENDE 6 ATA 16 ANOS
CURSO DE OUTUBRO ATA MAIO
MÉRcores DE 18:00 a 19:00
VENRES DE 17:30 a 18:30
INFORMACIÓN OFICINAS CENTRO DEPORTIVO

OROSO www.oroso.es
981 92 79 01



Oroso ofrece clases gratis de baile para os veciños e veciñas

O Concello de Oroso e o Taller Alecrín ofrecen unhas **xornadas de portas abertas** para presentarllas aos veciños e veciñas os cursos de baile que este ano se van desenvolver no centro cultural de Sigüeiro ata xuño de 2015. Así, e ata o sábado 11 de outubro, os veciños e veciñas que o desexen terán á súa disposición sesións de balde de Baile Moderno, Baile Deportivo, Bailes Latinos e de Salón e Baile en Liña. Máis información no centro cultural ou no teléfono 881 981 738.

Oroso pon as novas tecnoloxías ao servizo da busca de emprego

O Concello de Oroso impartirá todos os mércores e venres de outubro, en horario de 16:30 a 19:30 horas, o curso "Constrúe o teu camiño cara o emprego utilizando as novas tecnoloxías: Emprego 2.0". A actividade, totalmente gratuíta, será impartida na aula de Formación da Rede CeMIT do Concello de Oroso e pretende dar un pequeno paso na loita contra o desemprego ao achegar aos alumnos todas as ferramentas das que dispoñemos na Internet.



Curso 2014-2015

Clases Xadrez

XOGA E APRENDE

Empezamos o día 3 de Outubro

Todos os venres de 18:00 a 21:00

Lugar das clases: Sala de Xadrez do Centro Deportivo de Sigüeiro (1ª planta).

Monitor: Roberto Pasiro (Campión Galego)
Tel. 651 365 375

Inscricións telef.: 620082859 - 651365375
ou no email: dubxadrezoros@gmail.com
<http://clubxadrezorosoro.wix.com/inicio>

51^{as} Noites de Tasca

Venres 3 de outubro 2014
A partir das 21:30 h.

Na Cafetería CHE, en Sigüeiro (Oroso, A Coruña)

Con presenza dos grupos:

- O DIVISTO DO BOI, do Supremía LA Troncha!
- E o Alumnado Facultade NEGROS NO CUMIO de Galicia-Coruña

CHE

Follada

Ven tocar con nós!

Organiza: ASOCIACIÓN GRUPO DE GAITAS DE SIGÜEIRO DE OROSO

Tenis de Mesa Te lo vas a perder?

Complexo Deportivo Juanito Arnigo Sigüeiro (Oroso)

SUPERDIVISIÓN MASCULINA

OROSO TM DEPORTE GALEGO	CLINICA COLINA BURGOS	0-4 Outubro 18:30 h.
DIVISIÓN DE HONOR NACIONAL FEMENINA		
OROSO TM CELME	AD VINCOR BADE	05 Outubro 18:00 h.
1ª DIVISIÓN NACIONAL MASCULINA		
OROSO TM L. ALPINE	LUARICA TM	05 Outubro 18:00 h.
2ª DIVISIÓN NACIONAL MASCULINA		
OROSO TM F. MAVE	UTM COPIÑA	05 Outubro 18:00 h.
1ª DIVISIÓN GALEGA		
OROSO TM HONOR STA. DEBIZ	CONDO PUNTO DE PUNTO	05 Outubro 18:00 h.
2ª DIVISIÓN GALEGA		
OROSO TM FELIX FLE	STM FANADERIA BARRERO	05 Outubro 18:00 h.

Foi noticia...



O Oroso TM segue a bater récords. Silvia Álvarez e Sara Martínez coroáronse como campioa e subcampioa do Torneo Internacional de Seleccións Autonómicas 2014. Noraboa, Silvia e Sara!!!



Oroso recibiu a visita dun grupo de expertos en Patrimonio, membros da International Truats Organisation (**INTO**), que realizaron o Camiño Inglés para promocionar esta ruta.



Parabéns á ED Xuventude polo seu éxito no Torneo de Cabo de Cruz.



Éxito do GoisOrosoArte

O centro cultural de Sigüeiro acolle ata o 3 de outubro a novena edición do **GoisOrosoArte**, que reúne 65 pinturas e esculturas de corenta artistas galegos e outros 25 doutras nacionalidades. Tres pequenos mestres da Aula de Música de Oroso e Os Mensagheiros da Alegría puxeron a música.



Os III Xogos Equestres do Club de Amazonas e Cabaleiros de Oroso foron todo un éxito. Xinetes de entre 4 e 60 anos ofreceron un gran espectáculo no campo multideportes de Porto Avieira. Noraboa!!



Os Bolechas volveron arrasar en Oroso e ateigaron o centro cultural. Un espectáculo ofrecido polo Concello de Oroso en colaboración co programa FalaRedes de fomento da lingua galega.



O club Xadrez Oroso presentou a tempada 2014-2015 celebrando unha partida a cegas no centro cultural de Sigüeiro. O venres 3 de outubro comezarán coas clases de xadrez. Sorte nesta tempada!!!